



## NOTIFICACIÓN

<b>Expediente</b>	<b>2018018458</b>	<b>Subvención</b>
<b>Asunto</b>	CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES PARA A PROMOCIÓN E FOMENTO DA CULTURA DENDE AS ASOCIACIONES CULTURAIS DE FERROL PARA O ANO 2018 / CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES	

O concelleiro delegado da Área de Cultura e Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas aprobou o día 31.01.2019, a seguinte resolución:

“Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado con data 17 de xaneiro de 2019 e que literalmente di :

### **‘Informe proposta para a adxudicación das subvencions CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES, en réxime de concorrencia competitiva**

O Excmo. Concello Pleno, na sesión do 27.09.2018 aprobou a Convocatoria pública do programa de subvencions para a promoción e fomento da Cultura dende as asociacións culturais de Ferrol para o ano 2018. A dita convocatoira foi informada favorablemente pola Oficial Maior en data 21.09.2018 e pola Intervención Municipal o 26.09.2018, reservándose crédito para tal finalidade mediante o documento contable RC núm. 218102394 Ref. 998 por importe de 51.000 €.

O extracto da convocatoria publicouse no BOP da Coruña nº 194 de data 10.10.2018.

De acordo coa Lei 38/2013, xeral de subvencions e coas Bases municipais reguladoras para a convocatoria de subvencions destinadas a entidades cidadás e cidadanía en xeral, se consideran gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable responda á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no período establecido nestas bases, de acordo coas seguintes porcentaxes:

- a) Non poderan superar o 20% do total da xustificación da subvención (referido á gastos da entidade)
  - Gastos de xestión (materiais de administración, informáticos, fotocopias, papel, bolígrafos, etc.).
  - Gastos de comunicacións: teléfono, fax, correo.
  
- b) Non poderan superar o 70% do total da xustificación da subvención (referido á actividade para a que se solicita a subvención)
  - Gastos de publicidade e difusión: imprenta, serigrafía, etc.
  - Gastos de transporte: autocares, billetes de tren, avión, etc.
  - Gastos de materiais consumibles específicos das actividades.
  - Asistencia técnica (monitores/as, docencia, etc.)
  - Outros gastos relacionados coas actividades executadas.
  
- c) “Cortesías de colaboración” relacionadas coa actividade (ata un máximo do 10%) como agasallos, placas conmemorativas, axudas de custo (de membros da entidade) e gastos de restauración e

*catering* necesarios para o desenvolvemento da actividade.

O apartado a) fará referencia a gastos de xestión da entidade mentras que os apartados b) e c) referiranse a gastos da actividade.

Excluíranse de forma expresa os gastos que se adiquen ao material que sexa inventariable por ter unha duración superior a un ano, como por exemplo ordenadores, equipos periféricos, mobiliario de oficina.

Durante o prazo establecido no punto 6 da convocatoria presentáronse un total de 22 solicitudes, dándose as seguintes incidencias:

-Con data 02.11.2018 (RE 59734) a entidade Asociación Cultural Camiño da Artesanía (G-70468624) presenta solicitude de subvención. Con data 07.11.2018 (RS 38961) remíteselle requiremento de documentación, segundo o disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles, subsane a falta ou acompañe os documentos perceptivos, con indicación de que, si así non o fixera, perderá o seu dereito a percibir a subvención, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21. En datas 27.11.2018 (RE 64820) e 10.12.2018 (RE 67141) a entidade presenta documentación pero non achegan o correspondente certificado de non ter débedas coa Axencia Tributaria de Galicia.

-Con data 02.11.2018 (RE 59748) e data 06.11.2018 (RE 60092) a entidade Federación de Teatro Amador Galego (AMATEGA) (G-70409578) presenta solicitude de subvención. Con data 07.11.2018 (RS 38962) remíteselle requiremento de documentación, segundo o disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles, subsane a falta ou acompañe os documentos perceptivos, con indicación de que, si así non o fixera, perderá o seu dereito a percibir a subvención, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21. En data 19.11.2018 (RE 63095) a entidade presenta documentación pero non é toda a documentación solicitada e que é imprescindible para a solicitude de subvención (non se achega copia compulsada do DNI do representante, o orzamento detallado da actividade obxecto de subvención, etc.)

-Con data 02.11.2018 (RE 59752) a entidade Asociación Cultural Fuco Buxán (G-15709025) presenta solicitude de subvención. Con data 07.11.2018 (RS 38965) remíteselle requiremento de documentación, segundo o disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles, subsane a falta ou acompañe os documentos perceptivos, con indicación de que, si así non o fixera, perderá o seu dereito a percibir a subvención, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21. En data 07.12.2018 (RE 66685) a entidade presenta certificado de débedas da Agencia Tributaria Estatal o cal específica que o mesmo non ten validez ante calquera Administración Pública, non supliendo en ningún caso aos requiridos por as ditas administracións para a obtención de subvencións.

O resto de solicitudes presentadas reúnen os requisitos esixidos no punto 4 das bases.

O 17.12.2018 réunese a Comisión de Valoración, quen realiza a proposta de concesión, previa valoración, e acorda:

1. A exclusión da baremación das seguintes entidades:

- A Asociación de Estudio de Danza Allegro (G-70544853) queda excluída por non reunir o requisito do número mínimo de socios que establecen as bases (40).
- A Asociación Cultural Camiño da Artesanía (G-70468624) queda excluída por non achegar o certificado da Axencia Tributaria de Galicia.
- A Federación de Teatro Amador Galego (G- 70409578) non achega diversa documentación:

fotocopia compulsada do DNI do representante, o orzamento detallado da actividade obxecto de subvención, etc.

- A Asociación Fuco Buxán (G-15709025) presenta un certificado da Agencia Tributaria Estatal no que se especifica que non ten validez para a obtención de subvencións.

2. Dar por válida a valoración previa das solicitudes que achega o Presidente coa abstención do representante do BNG, don Roberto Montero Castrillón, por non estar de acordo coas bases da convocatoria, e co voto favorable do resto dos asistentes.

Con data 19.12.2018 a Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes e Turismo ditaminou favorablemente a proposta realizada pola Comisión de Valoración da baremación que lle corresponde a cada unha das entidades culturais deste Concello e da contía económica acadada en función da dita puntuación.

Con data 19.12.2018 (RE 69493) a Asociación Cultural Fuco Buxán achega certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal, e advirtese que o prazo de subsanación aínda no rematara, polo que se convoca unha nova Comisión de Valoración co fin de valorar a admisión desta entidade.

Reunida de novo a Comisión de Valoración o 20.12.2018 acorda por unanimidade incluír esta entidade na baremación, co que se produce un novo recalcu das cantidades asignadas a cada un dos solicitantes admitidos.

Con data 21.12.2018 a Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes e Turismo ditaminou favorablemente a proposta realizada pola Comisión de Valoración do 20.12.2018 de admitir a solicitude presentada pola Asociación Cultural Fuco Buxán e incluíla na baremación. Esta admisión conleva a un novo recálculo das cantidades asignadas a cada entidade admitida.

Por todo o anterior, e de conformidade co punto 8 da convocatoria propónse:

**Primeiro.- Adxudicar as seguintes subvencións** ás Asociacións Culturais de Ferrol que de seguido se relacionan, ao abeiro da convocatoria pública de subvencións para a promoción e fomento da cultura para o ano 2018, en réxime de concorrencia:

**Adxudicatarios:**

NOME	NIF/CIF	IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA	ANTICIPO DO 50 % (base 5.3)	COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	IMPORTE A XUSTIFICAR
AVVCR O CRUCEIRO DE VALÓN	G15646839	*1.600,00 €	800,00 €	0,8000	2.000,00 €
SRCD FERRANDIZ FERROL	G15456833	*1.240,00 €	620,00 €	0,8000	1.550,00 €
AGRUPACIÓN ARTÍSTICO-CULTURAL ARMONÍA	G15061658	*500,00 €	250,00 €	0,7880	634,52 €
CLUB DE PRENSA FERROL	G15123151	2.818,18 €	1.409,09 €	0,7500	3.757,57 €
FUNDAÇOM ARTÁBRIA	G15645518	*3.000,00 €	1.500,00 €	0,6600	4.545,45 €
ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA DE	G15496607	1.606,06 €	803,03 €	0,3169	5.068,03 €

FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS					
ORGANIZACIÓN JUVENIL ESPAÑOLA	G28556728	2.272,73 €	1.136,37 €	0,7200	3.156,57 €
ASOCIACIÓN CORAL UNIVERSIDADE SENIOR FERROL	G70467352	1.454,55 €	727,28 €	0,4700	3.094,79 €
SOCIEDAD CULTURAL COLUMBA	G15592496	2.060,21 €	1.030,11 €	0,8000	2.575,26 €
SOCIEDADE GALEGA DE GRAFOLOXÍA	G15481583	*1440 €	720,00 €	0,8000	1.800,00 €
SOCIEDAD FILARMÓNICA FERROLANA	G15037724	2.393,94 €	1.196,97 €	0,4700	5.093,49 €
ASOCIACIÓN MUSICAL SONSDODÍA (CORO DIAPASON)	G70352067	*2.560,00 €	1.280,00 €	0,8000	3.200,00 €
ASOCIACIÓN SOCIO-CULTURAL MUÍÑO DO VENTO	G70359443	3.636,36 €	1.818,18 €	0,8000	4.545,45 €
A.C. LEMBRANZAS DO CONDADO	G15137227	*2461,37 €	1.230,69 €	0,8000	3.076,71 €
SOCIEDAD ARTÍSTICA FERROLANA	G15038318	2.878,79 €	1.439,40 €	0,8000	3.598,49 €
A.C. ROSALÍA SAN XOÁN	G70485719	2.030,30 €	1.015,15 €	0,4615	4.399,35 €
ASOCIACIÓN CULTURAL E DE PROMOCIÓN SOCIAL CONXEITO	G70163381	*2.880,00 €	1.440,00 €	0,8000	3.600,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL E ARTÍSTICA TI E MÁIS EU TEATRO	G15969843	3.333,33 €	1.666,67 €	0,3300	10.101,00 €
A.C. FUCO BUXÁN	G15709025	3.333,33 €	1.666,67	0,8000	4.166,66 €

*Segundo a base 13.3 o coeficiente de financiamento defínese como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento de gastos presentados pola entidade. O orzamento subvencionado para xustificar será o que teña que xustificar para poder cobrar a subvención e calcúrase como resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.*

**Obxecto da subvención: Subvencións para promoción e fomento da cultura dende as Asociacións Culturais de Ferrol para o ano 2018.**

**Importe: 51.000 €**

**Partida: 05101 3301 48000 ( RC núm. 219100110 Ref. 94)**

**Outras características: O prazo máximo para a xustificación da subvención finaliza o día 15.03.2019 (base 13.4)**

**Segundo.- Aboar a cada unha das entidades un anticipo de pago do 50% do importe total adxudicado segundo a base 5.3.**

**Terceiro.-Excluír da baremación, polos motivos indicados na parte expositiva, as seguintes entidades:**

- Asociación Estudio de Danza Allegro (G-70544853)
- Asociación Cultural Camiño da Artesanía ( G-70468624)

- Federación de Teatro Amador Galego (G- 70409578)“

E tendo en conta a documentación que o acompaña, así como o informe favorable de Intervención.

**DECRETO.-** Examinei a anterior proposta e apróboa nos seus propios termos.”

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Ferrol,

O Secretario Xeral